



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. Pedro Merino Gómez
D. Javier de Vicente Remesal
D. Antón Fernández Álvarez
D. Juan M. Suárez Creo
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D^a Margarita Estévez Toranzo
D^a M^a Luisa Alonso Escontrela
D. J. Angel Álvarez Moreira
D. Víctor Cardador González
D. José Cidrás Pidre
D. Eusebio Corbacho Rosas
D. Xosé Henrique Costas González
D. Guillermo De Oca Cancela
D. José Durany Castrillo
D. José Ramón Fernández Bernárdez
D. Manuel Fernández Cruz
D. Alberto Gago Rodríguez
D. José M^a Gil Villanueva
D. Manuel Gutiérrez Nieto
D. Alfonso Luis López Otero
D. Víctor M. Martínez Cacharrón
D. Andrés Mazaira Castro
D. Carlos Mollinedo Lois
D. Luis Pérez Gómez
D. Mariano Pérez-Mtnez Pérez-Amor
D. José Pose Blanco
D. Manuel Reigosa Roger
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D^a M^a Elena Sánchez Trigo
D. Juan Carlos Surís Regueiro
D. Xoan Soxé Santamaría Conde
D. Cándido Pérez Betanzos (CIG)
DESCULPA ASISTENCIA
D. Luis Espada Recarey
D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo
D. Federico Vilas Martín
D. Gómez Soler

Acta da sesión ordinaria da Xunta de
Goberno da Universidade de Vigo, de dous de
decembro de mil novecentos noventa e nove, ás
9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00
horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S. de
Enxeñeiros de Telecomunicación da
Universidade de Vigo.

O xoves, **día 2 decembro de 1999**, ás
10:15 horas, comezou a sesión ordinaria da
Xunta de Goberno co obxecto de tratar os
seguintes puntos da orde do día:

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión
anterior (8.11.99).

2º.- Informe do Rector.

3º.- Aprobación, se procede, dos criterios de
avaliación científica.

4º.- Proposta de nomeamento de D. Ángel
Salaverría Garnacho como membro do Instituto
de Electrónica Aplicada "Pedro Barrié de la
Maza".

5º.- Asuntos de profesorado: prazas BOE,
transformacións, visitantes e permisos. Proposta
da Comisión de Docencia sobre os casos de non
aplicabilidade do requisito económico na
concesión de prazas consolidables.

6º.- Aprobación, se procede, da proposta de división do Departamento de Química Física e Química Orgánica.

7º.- Aprobación con carácter retroactivo, se procede, do I Curso en Prevención de Riscos Laborais do Departamento de Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos.

8º.- Regulamento de réxime interno dos Departamentos de Deseño na Enxeñería e de Enxeñería dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construcción .

9º.- Proposta de avaliación das solicitudes de complemento específico de mérito docente (quinquenios).

10º.- Resolución de solicitudes de quinquenios pendentes.

11º.- Aprobación, se procede, da convocatoria de actividades de extensión universitaria.

12º.- Nomeamento dos membros do Comité de Avaliación e Calidade (sector estudantes).

13º.- Rogos e preguntas

Antes do inicio da sesión, indícase que a redacción correcta do punto 3 é:

- Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación da produción científica

e a do punto 8 é:

- Regulamento de réxime interno dos Departamentos de Enxeñería Eléctrica, Deseño na Enxeñería e de Enxeñería dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construcción.

Punto 1. Acta 8-11-99.

Acéptase a emenda do profesor R. Berrocal na disposición adicional terceira do Regulamento da Biblioteca Universitaria (punto 8). A redacción correcta é a seguinte:

" A reforma do regulamento corresponde á Xunta de Goberno e realizárase por iniciativa da propia Xunta de Goberno ou dun tercio dos membros da Comisión de Biblioteca ".

Acéptanse, a proposta do Sr. Santamaría os seguintes cambios de redacción:

- Punto 3, visitantes: Apróbanse, por asentimento, as seguintes prazas propostas polo Departamento de Física Aplicada ...

- Punto 18, rogos e preguntas: O Sr. Álvarez Moreira e o Sr. Santamaría (o segundo en representación de FETE/UGT) formulan o que segue:

- Despois de rogos e preguntas debe figurar o seguinte : E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 19:30 horas do día 8 de novembro do que como Secretaria dou fe, co visto e prace do Sr. Rector.

Ademáis, o Sr.Santamaría propón que se engada ó acta o seguinte:

No punto 1 " no seu turno, o Sr. Santamaría inicia a lectura dun escrito; o Rector interrómpeo e remite tal intervención a Rogos e Preguntas".

No punto 2, " estando no uso da palabra o Sr. Santamaría é, novamente, remitido polo Rector a Rogos e Preguntas".

Sométense a votación estas propostas de inclusión:

Votos a favor da inclusión	0
Votos en contra	17

Abstencións 7

Non se acepta.

Sométese a aprobación a acta completa coas modificacións xa aceptadas:

A favor	19
En contra	0
Abstencións	5

Apróbase.

Punto 2. Neste punto, o Rector informa sobre:

- a proposta de convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e as Administracións Autonómicas para un programa especial de Promoción e Estabilidade do Profesorado Universitario.

- a consulta que se fixo dende o Rectorado á Fiscalía de Vigo para coñecer a situación procedimental da denuncia de FETE/UGT contra os membros da mesa de contratación da Universidade de Vigo sobre un presunto delito de prevaricación, en relación coa construción dun conxunto residencial de vivendas nos Campus de Ourense e Vigo. A Fiscalía da Audiencia Provincial de Pontevedra (Adscripción Permanente de Vigo) acordou o arquivo do expediente na data de 12 de novembro.

- o convenio coa Consellería de Xustiza para a realización de Cursos en Prevención de Riscos Laborais . Engadiuse unha adenda que permite a utilización dos fondos para convocar bolsas destinadas ós alumnos de masters que teñan que ver con este tipo de temas.

- os recentes informes aparecidos nos medios de comunicación, en relación coa avaliación da calidade universitaria. Indica que en xeral hai falta de rigor e de información sobre os criterios utilizados e que esto non lle fai ben á institución universitaria nos termos en que se está a difundir.

Neste tema o profesor Corbacho refírese ó proxecto fin de carreira dun alumno de Industriais e opina que habería que ter máis prudencia na publicación de resultados.

O profesor Pérez Amor di que na Universidade de Vigo hai demasiada política e faltan criterios académicos na designación de titulacións, directrices de planos de estudio etc...

Antes de pasar ó seguinte punto, o Sr. Santamaría (en representación de UGT) pide que o Rector informe sobre o tema de residencias. O Rector entende que esa pregunta debe formularla en Rogos e Preguntas e o Sr. Santamaría pide que conste na acta que di que foi interrompido e que reivindica o dereito a intervir en calquera punto.

Punto 3. Criterios de Avaliación da produción científica.

O Vicerrector de Investigación fai unha presentación xeral dos novos criterios propostos, inspirados principalmente en:

- necesidade dunha mellor precisión sobre que se entende por produción científica
- necesidade de simplificar o proceso avaliador
- necesidade do coñecemento da realidade dos diferentes ámbitos de coñecemento.

A continuación interveñen varios membros da Xunta de Goberno.

O profesor Tojo di que xa na Comisión de Investigación votou en contra polas seguintes razóns: non hai un cambio real de filosofía, só hai unha simplificación; está en contra da retirada do coeficiente de experimentalidade e do reparto de puntos por publicación entre autores que non son da Universidade de Vigo. Opina que hai que puntuar os proxectos e considera un erro a retirada dos contratos e proxectos con empresas así como a menor puntuación proposta para as patentes rexistradas e a nula puntuación para as patentes en explotación. Di que debería haber puntos para as direccións de revistas de tipo A e que debería aumentarse a puntuación das teses de doutoramento.

O profesor Pérez Amor di que no apartado 1.1 relativo a libros debería ponderarse o número de capítulos e que a relación das puntuacións do apartado 1.2 (6/3) debería estar en coherencia coa do apartado 1.1. (15/10). Considera excesivamente pequena a relación de 5 a 3 entre os puntos para as patentes rexistradas e os puntos para os prototipos rexistrados como modelos de utilidade. Opina que, en comparación cos libros, é moi alta a puntuación dos artigos en revistas de tipo A. Considera pouco precisa a puntuación das teses de doutoramento. Por último pide que se retire esta proposta de avaliación da produción científica.

O profesor R. Berrocal lamenta a aparente contradicción entre a preocupación do equipo de goberno pola calidade e a ausencia dun bo número de membros da Xunta de Goberno. Di que se ben os Departamentos foron consultados, na súa opinión houbo pouca resposta porque xa se consideraban bos os criterios anteriores. Considera estes novos criterios simplistas e inxustos porque só benefician ó ámbito científico e ós grupos grandes. Considera un erro a supresión do coeficiente de experimentalidade e a non puntuación dos proxectos de investigación e das direccións de revistas.

O profesor Fernández Bernárdez agradece que se recolleran as suxestións do seu Departamento e pide aclaracións sobre a puntuación das teses de doutoramento.

O profesor Membiela considera moi positiva a simplificación destes novos criterios. No apartado de congresos prefere o termo español que nacional e pregúntase se é necesario que os Congresos Internacionais do apartado 5.2 teñan que ter Comité Científico e Comité Organizador.

O profesor Reigosa considera que esta normativa non mellora a anterior. Di que a simplificación é boa por unha parte pero por outro lado hai grupos que aínda non poden situarse nesa senda de calidade ou excelencia. Considera un erro a eliminación do coeficiente de experimentalidade. Di que os anos 97, 98 e 99 deberían avaliarse cos criterios anteriores e que estes novos criterios, caso de ser aprobados, non deberían aplicarse retroactivamente.

O profesor Gago considera desafortunadas as intervencións dos profesores Pérez Amor, Tojo e R. Berrocal. Di que esta proposta clarifica o uso dos instrumentos, dos programas e dos mecanismos correspondentes e que con ela se intenta homologar o concepto de produción científica. Aprobada a desaparición dos coeficientes de experimentalidade. Recordada que os proxectos de investigación non son produción científica; se no proxecto se acadan os obxectivos previstos, haberá produción científica.

O profesor Durany di que despois dalgunhas intervencións, parece que se supedita a investigación futura ós puntos obtidos por produción. Está de acordo total coa globalidade do documento que segue as liñas xerais da ANEP e doutras Universidades e simplifica as normas anteriores.

O Vicerrector de Investigación responde ás intervencións anteriores e insiste en que a investigación desta Universidade non queda supeditada ós puntos acadados por estes criterios.

Ábrese un segundo turno de intervencións .

O profesor R. Berrocal, en relación co número de autores, suxire que cando a produción xerada por autores da Universidade de Vigo sexa de máis da metade, se puntue na súa totalidade. Propón ademais que os anos 97, 98 e 99 sexan avaliados cos actuais criterios, que este documento se someta a consulta dos Departamentos, que se analicen as respostas en Comisión de Investigación e que o tema sexa de novo tratado nunha futura Xunta de Goberno.

O profesor Corbacho di que sobre este tema debería opinar a Comisión de Avaliación Docente e Investigadora do Claustro.

O Sr. Álvarez Moreira pide que conste en acta o seguinte:

Recuerdo que PDI significa Personal Docente e Investigador por tanto pregunto ¿ se va a realizar algún tipo de criterio de evaluación de la actividad docente similar al de investigación? Según los evaluadores externos e internos de la Facultade de CC.EE.EE. uno de los puntos débiles de la calidad docente es que a un docente le interesa más investigar que dedicarse a la docencia ya que es lo que se le evalúa para su carrera docente.

Los pilares fundamentales de la Universidad son las políticas de profesorado y la de investigación pero también las políticas de docencia y estudiantes.

O profesor Cidrás considera que os censores de revistas non deben recibir puntuación. Di que se pode cambiar o criterio sobre o número de autores e insiste en que o importante é desligar o fondo da cuestión das pesetas que se reciban.

O profesor Tojo apoia a proposta do profesor R. Berrocal sobre a retirada e tramitación posterior deste documento. Opina que deben darse puntos ós censores de revistas e di que debería saberse cales van ser as novas ferramentas que completan estes criterios.

O profesor Surís, no referente ó número de autores, propón que se duplique o peso relativo dos autores da Universidade de Vigo, que se discriminen revistas polo índice de impacto,

que se avalíe independentemente realización e dirección de teses de doutoramento e que a Comisión de Investigación teña marxe para avaliar os casos especiais de inexistencia de libros de actas e certificacións de asistencia. Estas propostas detállanse no escrito que se achega a esta acta.

Sométense a votación varias propostas:

Sobre a retirada do documento.

Proposta 1: considerar a proposta da Comisión de Investigación e seguir adiatne co debate dos apartados concretos.

Proposta 2: retirada do documento nos termos plantexados polo profesor R. Berrocal.

Proposta 3 (profesor Pérez Amor e Corbacho): que se retire o documento e que o Vicerrector de Investigación faga unha planificación global da investigación que contemple o conxunto de ferramentas complementarias. A continuación se consultaría ós Departamentos e se debatiría o tema en Xunta de Goberno.

A favor da proposta 1: 16 votos
 A favor da proposta 2: 5 votos
 A favor da proposta 3: 3 votos
 Abstencións: 1

Continúase co debate.

Proposta sobre o número de autores:

O profesor R. Berrocal insite en que cando a produción xerada por autores da Universidade de Vigo sexa de máis ou igual do 50%, se puntue na súa totalidade.

O profesor Surís propón que os autores da Universidade de Vigo se ponderen cun peso dobre.

Ambas propostas se consideran complementarias e acéptanse.

Proposta sobre os censores:

Que os censores de revistas reciban puntos (como no texto)	12 votos
Que non reciban puntos	4 votos
Abstencións	5

Mantense o texto

Proposta sobre a discriminación das revistas polo índice de impacto

O profesor Surís defende a proposta de discriminar a puntuación das revistas de tipo A en función do seu factor de impacto. Ante a falla de apoio dos membros da Xunta de Goberno, decide retirar a súa proposta.

Proposta sobre as teses de doutoramento:

O profesor Surís retira a proposta sobre as teses de doutoramento (epígrafe 4), quedando como segue: Teses de doutoramento lidas na Universidade de Vigo.

Sobre as comunicacións a congresos

O profesor Surís volve a propor que a valoración quede a xuízo da Comisión Avaliadora cando non hai publicación posterior nin libro de actas.

O Vicerrector de Investigación propón que no último parágrafo se escriba conferencias plenarias ou ponencias, e que se engada ó final o seguinte texto:

De maneira excepcional, a Comisión poderá ter en conta aquelas comunicacións que non se publicaron en libro de actas dos Congresos antes definidos, se a documentación aportada demostra que esa comunicación foi presentada.

Acéptase.

Por último vótase globalmente todo o documento.

A favor	14 votos
En contra	7 votos
Abstencións	1

Apróbanse as normas de avaliación da produción científica. (ANEXO).

O profesor P. Amor quere que conste en acta que vota en contra destes criterios porque opina que non son equitativos e non sirven para mellorar a calidade investigadora da nosa universidade.

O Sr. Álvarez Moreira tendo en conta que este punto tivo unha duración superior a 2 horas, solicita que en vindeiras Xuntas de Goberno, cando figuren puntos na orde do día que non traten temas exclusivos de profesorado, non sexan retirados en base á posible duración das discusións.

Punto 4. Proposta de nomeamento de D. Ángel Salaverría Garnacho como membro do Instituto de Electrónica Aplicada "Pedro Barrié de la Maza". Apróbase por asentimento.

Punto 5. Asuntos de profesorado:

Prazas BOE: Apróbanse por asentimento.

H04	345	TIT-UN	Vigo	Pérez Guerra, Javier
H04	345	TIT-UN	Vigo	Bringas López, Ana María
C05	265	TIT-UN	Vigo	de Uña Álvarez, Jacobo

Visitantes: Apróbanse por asentimento:

- D^a Almudena Revilla Guijarro, coa categoría de TIT-UN, no departamento H02 de Filoloxía Española, dende a súa incorporación ata o 27-1-2000.

- D. Rafael Cabañas Alamán, coa categoría de TIT-UN, no departamento H02 de Filoloxía Española, do 21-2-2000 a 27-9-2000.

Transformacións: Apróbanse por asentimento:

C10 280 Bernabeu Tello, Ana M^a de PP1 a PP2

Permiso: Apróbase por asentimento a concesión dun permiso a D^a Marta Sánchez Carril do 15-11-99 a 15-02-2000.

Proposta da Comisión de Docencia sobre os casos de non aplicabilidade do requisito económico na concesión de prazas consolidables.

O Sr. Rector da lectura á seguinte proposta aprobada por unanimidade na Comisión de Docencia:

O criterio económico non restrinxirá a concesión de prazas consolidables naqueles casos en que, correspondendo a súa concesión por criterios académicos ó abeiro da normativa vixente de "Organización docente e de contratación de profesorado",

a) A área ou áreas afectadas, con docencia troncal, non conte con ningún profesor consolidable. En tal caso saíría a concurso unha praza de T.U. interino ou de T.U. directamente a BOE.

b) A amortización de prazas existentes poña en perigo o mantemento de Departamentos existentes. Esta excepcionalidade non é aplicable para a creación ou constitución de novos Departamentos.

O profesor R. Berrocal recorda que os criterios de tipo económico do pasado mes de xullo impedían a saída a concurso de certas prazas. Di que hai casos concretos (como estes que se presentan) nos que os criterios académicos deben prevalecer sobre os económicos. Pregúntase se a data de hoxe teñen sentido as restriccións de tipo económico plantexadas no seu día.

O profesor Pose di que a norma non é boa xa que están a aparecer excepcións. Propón estender a excepción ós Campus. Di que a Comisión de Docencia debería reconsiderar este tema.

O profesor Tojo di que a situación comeza a ser ridícula pois con estas 2 excepcións, quedarían 7 sen conceder. Isto proba que foi mala decisión que os criterios económicos prevalezan sobre os académicos.

O profesor Corbacho di que habería que saber o estado das áreas afectadas e que parece necesaria unha reconsideración de decisións anteriores.

O profesor Reigosa di que no POD do vindeiro curso hai que estudar este tema a fondo. O debate debe basearse nun axuste dos criterios académicos ós criterios económicos e ó que esta Universidade pode permitirse.

Sométese a proposta a votación:

A favor	18 votos
En contra	0 votos
Abstencións	3

Apróbase.

Punto 6. O Vicerrector de Organización Académica explica que é desexo unánime das áreas de Química Física e de Química Orgánica (que actualmente forman un Departamento), segregarse para constituír cada unha delas un Departamento monoárea.

A área de Química Física reúne tódolos requisitos esixidos pola LRU e polos Estatutos da Universidade de Vigo.

A área de Química Orgánica ten na actualidade dez profesores numerarios, un profesor PP2 e un axudante.

En base ó anterior, tendo en conta o artigo 8.2 do Regulamento de Departamentos, a área de Química Física tería un prazo de 3 anos para dispor dos doce profesores necesarios.

O profesor Corbacho pregunta se se pretende ampliar o periodo constituínte. O Rector responde que non é así e que o que se está a aplicar son os artigos 19.1 e 19.2 dos Estatutos.

Varios membros da Xunta de Goberno manifestan a súa opinión sobre a correcta interpretación dos artigos citados.

Retírase este punto e acórdase pedir un informe á asesoría xurídica que aclare se esta solicitude pode considerase como de modificación ou ben trataríase de creación de novos Departamentos. Recibido este informe, a solicitude do actual Departamento de Química Física e Química Orgánica será tratada na seguinte Xunta de Goberno ordinaria.

Punto 7. I Curso en Prevención de Riscos Laborais do Departamento de Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos. Apróbase por asentimento.

Punto 8. Acórdase por asentimento aprobar, para a súa remisión ó Claustro, os Regulamentos de Réxime Interno dos Departamentos de Enxeñería Eléctrica, Deseño na Enxeñería e de Enxeñería dos Materiais, Mecánica Aplicada e Construcción.

Punto 9 e 10. O Rector retira estes puntos da orde do día.

Punto 11. Acórdase enviar esta proposta ós Centros, indicando que foi aprobada pola Comisión de Extensión Universitaria e que está pendente da aprobación formal da Xunta de Goberno que terá lugar cando se dispoña do orzamento do ano 2000.

Punto 12. A proposta dos estudantes da Xunta de Goberno, quedan nomeados como membros do Comité de Avaliación e Calidade (sector estudantes) os seguintes:

- Cebral Loureda, Pablo Javier (ETS de Enxeñeiros Industriais e Minas)
- Estévez González, Iria (Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais)
- Lamilla Curros, Francisco Abelardo (ETS de Enxeñeiros Industriais e Minas)
- Ríos Cidrás, Xosé (Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais)

Punto 13. Rogos e preguntas.

O profesor Pose roga que a Universidade se dirixa a Anfaco para que respecte o espacio que no seu día lle asignou o Concello de Vigo.

Pregunta pola adxudicación das pistas polideportivas.

Pregunta se é certo que quedou deserto o concurso para a ampliación da Facultade de Ciencias (Químicas). Se é así ¿ porqué ? ¿ e certo que houbo unha ampliación de presuposto e unha ampliación de superficie construída?

O profesor Reigosa roga o Vicerrector de Investigación que se faga o posible para que as axudas de locomoción non figuren como bolsas, co correspondente tratamento fiscal. Roga que se faga algún traballo de carácter institucional dando datos contrastables e obxectivos que contrarresten as noticias recentes de prensa sobre a calidade na Universidade.

Sobre o informe do Rector en relación co arquivo, por parte da fiscalía, do recurso de FETE/UGT, roga que se repoñan os danos de imaxe ocasionados á Institución.

O profesor Corbacho roga que se estudie se se pode rebaixar o número de alumnos en programas de doutoramento, que figura no Decreto de Terceiro Ciclo.

Roga que figure na rede o estado das áreas.

Pregunta cantos profesores invitados hai na Universidade de Vigo.

O Sr. Fernández Cruz roga que se faga un estudio para racionalizar o gasto de auga no Campus de Ourense.

O profesor Durany, o Sr. Álvarez Moreira e o Sr. Santamaría Conde (este último en representación da FETE/UGT) desexan que conste o seguinte:

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 20:00 horas do día 2 de decembro do que como Secretaria dou fe, co visto e prace do Sr. Rector:

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo